

CONCURSO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

MICRORRELATOS DIXITAIS:

Co obxectivo de fomentar o uso da lingua galega, o **Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CIFP Fontecarmoa** organiza a **primeira edición do Concurso de Microrrelatos en Galego**.

Quen pode participar? Alumnado do CIFP Fontecarmoa

Que categorías hai?

Categoría 1. Microrrelato temática libre

Categoría 2. Microrrelato temática relacionada co Día das Letras Galegas

Categoría 3. Ilustración e/ou póster vencellado ao día das Letras Galegas

Premios:

Un premio por categoría que consiste nun vale de cafetería de **20 euros** e un **diploma acreditativo**.

A onde podes envialo?

participa@cifpfontecarmoa.net poñendo en **asunto: concurso microrrelatos**

DATA LÍMITE DE ENTREGA:

Domingo, 14 de maio ás 23.59 horas.

Anímate e participa!

BASES DO CONCURSO:

1. Obxecto.

O presente concurso ten por obxecto o **fomentar o uso da lingua galega** na elaboración de documentos dixitais.

2. Participantes.

Poderá participar todo o alumnado matriculado no CIFP Fontecarmoa no presente curso 2022-2023.

A **participación será individual**, e cada participante poderá presentar unha única proposta por categoría.

3. Traballos.

3.1. Os **traballos serán orixinais e inéditos**, sendo a persoa autora a responsable de que se cumpra esta condición. Os participantes certificarán que os seus microrrelatos, ilustracións e/ou póster son froito do seu propio traballo e creatividade persoal, e que non se infrinxiron dereitos de autor de terceiras persoas.

3.2. As propostas consistirán na elaboración de:

3.2.1. **Categoría 1: Microrrelato en lingua galega con temática libre**, cunha extensión máxima de 200 palabras, incluído o título. Tipografía: elección libre.

3.2.2. **Categoría 2: Microrrelato en lingua galega con temática libre**, cunha extensión máxima de 200 palabras, incluído o título. Tipografía: elección libre.

3.2.3. **Categoría 3: Ilustración e/ou póster vencellado ao día das Letras Galegas.**

3.2.3.1. Estrutura e deseño da ilustración:

Título: Breve, non máis de 15 palabras.

Resultado: Debuxo con técnica libre, realizado polo autor con medios dixitais ou medios tradicionais (escaneado).

Deseño: Unha soa páxina, en formato **.pdf**; tamaño **A3**. O autor aparecerá debaixo do título. Tipografía de libre elección

3.2.3.2. Estrutura e deseño do póster:

Título: Breve, non máis de 15 palabras.

Resultado: Pode ter texto (máximo 50 palabras), gráficos, táboas, figuras, debuxos, fotografías. Todos os elementos deben ser de creación propia do autor.

Deseño: Unha soa páxina, en formato **.pdf**; tamaño **A3**. O autor aparecerá debaixo do título. Tipografía de libre elección.

3.3. Serán excluídas de xeito automático todas aquelas propostas que conteñan connotacións sexistas, xenófobas, racistas, homófobas ou ofensivas contra as persoas ou as institucións.

3.4. Os participantes deberán gardar copia do material presentado, xa que os ficheiros enviados non serán devoltos.

3.5. Unha vez enviada unha proposta, esta non poderá ser retirada.

4. Dereitos de propiedade intelectual e de reprodución.

4.1. A proposta premiada será cedida ao centro, que reservará para sí tódolos dereitos de propiedade, reprodución, edición, exposición e uso. A persoa autora da proposta gañadora, polo tanto, deberá ceder expresamente tódolos dereitos en relación co traballo realizado, de tal xeito que o CIFP Fontecarmoa pasará a ser propietario de tódolos dereitos de propiedade industrial e intelectual que puidesen corresponderlle.

4.2. A organización reservárase os dereitos de reprodución e difusión das propostas gañadoras.

5. Presentación das propostas.

A presentación das propostas será mediante o envío dos documentos de texto e/ou gráficos ao correo **participa@cifpfontecarmoa.net**, indicando en **asunto: concurso microrrelatos**.

A **data límite de entrega será o domingo, 14 de maio ás 23:59 horas**.

6. Membros do xurado e elección da proposta gañadora.

6.1. Ningún dos membros do xurado poderá participar no concurso.

6.2. O xurado decidirá as propostas admitidas e excluídas, con indicación dos motivos de exclusión.

6.3. Elección da proposta gañadora: A proposta gañadora será elixida, de entre as propostas finalistas, por votación dos membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CIFP Fontecarmoa. O resultado das votacións será feito público o **día 16 de maio**.

6.4. O xurado poderá declarar o premio deserto se considera que ningunha proposta cumpre cos requisitos solicitados.

6.5. O xurado terá a potestade de resolver todo caso non previsto nestas bases da convocatoria.

7. Premio.

A proposta gañadora en cada categoría recibirá un vale por valor de 20 € que poderá ser trocado na cafetería do centro no presente curso escolar 2022-2023, xunto cun diploma acreditativo.

As propostas premiadas serán publicadas na web do centro e comunicadas de forma individual mediante o correo electrónico polo que se enviaron as propostas.

Farase entrega dos premios, no mesmo acto de entrega de notas finais do curso.

8. Aceptación das bases.

A participación no concurso leva implícita a aceptación destas bases e o fallo do xurado.

9. Órgano convocante.

Esta actividade é proposta polo **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** do CIFP Fontecarinoa

Para contactar por causa deste concurso, dirixirse a: Luís Cividanés (profesor de comercio) ou ben enviar un correo electrónico a: participa@cifpfontecarinoa.net indicando no asunto: **concurso microrrelatos**.